

TITULO DO PROXECTO: A ILLA DE SAN SIMÓN

1.- PRESENTACIÓN

O alumnado de 1º de ESO realizará ó longo do curso escolar un traballo de investigación que terá como tema central a illa de San Simón. O alumnado, dirixido polos seus titores terá que ir buscando a información, analizando, seleccionando e compartíndoa cos compañeiros dos outros grupos.

2.- TIPO DE PROXECTO

- ✓ Trátremos de achegarnos a un tema concreto, “A Illa de San Simón”, dende diversos puntos de vista. Cada grupo de 1º da ESO abordará o tema dende unha das materias seguintes: Lingua e literatura castelá, Plástica, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais e Inglés. O proxecto, en cada unha das súas posibles presentacións finais (arquivos de tipoloxía diversa) será redactado en galego, polo que se implica na súa corrección ó Equipo de Normalización Lingüística. Implícase tamén o Equipo de TIC para que colabore na elaboración de soportes diversos.
- ✓ A duración do proxecto é de todo o curso académico, cunha hora semanal, ademais de reunións quincenais do equipo de titores para seguir a marcha do proxecto.
- ✓ Ademais dos departamentos e equipos mencionados antes, tamén se implica no proxecto o equipo de biblioteca escolar, facilitando espazos e recursos para o traballo e coordinando ó equipo de profesores.
- ✓ O alumnado encargárase da elaboración e presentación do traballo.
- ✓ O resto do profesorado do centro poderá prestar a súa colaboración en determinados momentos do proceso.

3.- OBXECTIVOS

- Desenvolver as capacidades para aprender a aprender
- Aumentar grao de autonomía do alumnado
- Aprender a traballar con método
- Coñecer unha serie de recursos de búsqueda de información
- Aprender a traballar en equipo, chegando a acordos para seleccionar e compartir información.
- Acadar os coñecementos mínimos necesarios para mostrar a información en distintos soportes: textos, arquivos ppt, blogs, etc.
- Suscitar interese por un método de traballo e polos procedementos de traballo aprendidos.
- Acadar certa autonomía no uso das fontes de tipoloxía diversa e nas TIC

4.-COMPETENCIAS BÁSICAS




1. Competencia en comunicación lingüística: O alumnado deberá evolucionar cara a unha autonomía na busca, selección, tratamento e comunicación da información.
2. Competencia dixital: adquirindo destrezas no manexo das ferramentas de búsqueda en internet e nos programas e recursos que serven para comunicar a información
3. Competencia para aprender a aprender: O longo do curso o alumnado deberá facerse consciente do proceso de aprendizaxe, comprendendo tanto as limitacións como as súas capacidades para resolver con éxito os atrancos que se presenten.
4. Competencia en resolución de problemas: valoraranse aquí as aportacións e propostas persoais que fagan avanzar o traballo, así como a toma de decisións, tanto individuais como de grupo.
5. Competencia en habilidades sociais e autonomía: mostrando respecto polo traballo dos demais, sendo solidarios e compartindo opinións.

5.- METODOLOXÍA



Tratamos de que, dun xeito activo e participativo, o alumnado vaia protagonizando a súa aprendizaxe. O profesorado axudará a que se desenvolvan as habilidades no uso da información, consultando fontes documentais diversas, en soportes e formatos diferentes, que estarán a súa disposición na biblioteca escolar. Farase tamén algunha investigación de campo, por exemplo, realizando saídas, facendo entrevistas... A biblioteca organizará algunha charla informativa sobre algún dos aspectos a tratar. Esta previsto tamén traer ó centro a exposición da Consellería de Cultura “A illa da memoria”, da que se extraerá información para o proxecto.

6.- PLANIFICACIÓN DOS CONTIDOS





Lingua castelá e literatura

-  San Simón: o personaxe.
-  Literatura Medieval: lendas e poemas.
-  Obradoiro de creación literaria.




Plástica





-  Ilustracións creadas a partir de fotos históricas.
-  Confección dunha maqueta da illa.

Ciencias Naturais

-  Localización xeográfica da illa.
-  Características físicas e xeolóxicas.
-  Flora e fauna: comparación con outras illas atlánticas.
-  A riqueza mariña da enseada de San Simón.

Lingua inglesa

-  Os ataques en Rande dos corsarios ingleses: na ría, en Galicia.
-  Os corsarios: quen eran? Como eran? Como actuaban? Que naves levaban?
-  Novelas sobre piratas. Cine de piratas.













-  Creación dun arquivo léxico do traballo dende as distintas áreas.
-  Pasatempos ideados dende as distintas áreas.
-  Creación dun arquivo fotográfico.
-  Traballo de campo: as historias dos avós.

Ciencias sociais

Xeografía:

-  Situación das illas de San Simón e San Antonio. Clima.

Historia:

-  A época visigoda.
-  As invasións musulmana e Normanda.
-  A loita pola illa de San Simón.
-  A invasión de Francis Drake.
-  Os Benedictinos e Franciscanos.
-  A batalla de Rande.
-  O lazareto.
-  A epidemia de cólera e as rivalidades entre Vigo e Pontevedra.
-  Proxectos de estación de hidroavións e orfanato da Mariña Mercante.
-  Prisión.
-  Albergue Nacional.
-  Rivalidade entre Vigo e Pontevedra Pola xurisdicción das illas.

6.- DESENVOLVEMENTO

- Busqueda de información: Esta fase desenvolverase no primeiro trimestre
- Posta en común da información recollida e posterior selección. Esta fase desenvolverase nun prazo de catro a seis sesións de traballo durante o segundo trimestre.
- Elaboración e produción do traballo en diversos soportes: Ademais de presentar os materiais en soporte de texto, elaboraranse tamén en soportes informáticos como Power Point, que poidan ser proxectados e presentados ó resto do alumnado. Todo o material informatizado será exposto na web do centro. Se é posible crearase tamén unha presentación Flash do traballo. Os traballos deben aterse as convencións e trazos formais, tales como índices, citas, bibliografías, etc. Esta fase desenvolverase no resto do segundo trimestre e no primeiro mes do terceiro.
- No último tramo do trimestre presentarase o traballo, facendo unha gran exposición no centro con todo o material textual e gráfico e coas proxeccións das producións audiovisuais.

7.-FERRAMENTAS DE TRABALLO

Utilizarase bibliografía básica sobre a illa: Estudio da enseada de San Simón, de Rodríguez Fernández e outros; Las islas de San Simón, aproximación a su historia, de Orge Quinteiro; Historia de las rías, editada por Faro de Vigo. Ademais utilizaranse recursos bibliográficos de carácter máis xeral, como Guías de espazos naturais, mapas, textos literarios, elementos audiovisuais (DVD “Aillados”), visita de exposicións e consulta de diversas páxinas web.

8.- AVALIACIÓN

- Avaliaranse o proceso co seguimento que o equipo de profesores, xunto co departamento de orientación e a biblioteca escolar realizarán en reunións quincenais. O resultado final avaliarase en función dos logros acadados respecto ós obxectivos, mediante as opinións do profesorado e alumnado participante, así como mediante enquisas entre o resto do profesorado e alumnado do centro.
- Os procedementos de avaliación terán en conta a variedade de fontes e recursos utilizados na busca de información, a adecuación dos materiais e recursos dos que dispoñen para realizar a investigación, as accións creativas, as iniciativas emprendedoras e correctoras, o esforzo e capacidade de traballo, a dinámica dos grupos, a corrección na presentación do traballo tanto no terreo da expresión oral e escrita como no da produción auduivisual.
- A observación e opinión do profesorado participante terá como referente a contribución á consecución das competencias básicas.